

Programa de actividades de apoio para a realización do TFG

TFG con Alegría 2025-2026

1. **Título:** Uso de ferramentas de IA nos traballos académicos.
2. **Docente:** **Manuel José Fernández Iglesias.** Catedrático da ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo, área de Enxeñaría Telemática.
Experto en deseño e aplicación de ferramentas tecnolóxicas ao ámbito educativo.
Coordinador do grupo de innovación docente DESIRE.
3. **Datas/horario da formación:** 1ª sesión formativa o 27 de febreiro de 10.30 a 13:30 horas
2ª sesión formativa o 11 de marzo de 10.30 a 13.30 horas
4. **Modalidade de impartición:** Online (Sala de TFG6 da FETS)
<https://campusremotouvigo.gal/public/105529968>
contrasinal estudantado: eHqR79pE

5. **Límite de prazos:** sen límite.

6. **Xustificación, interese e competencia procedimental:**

Nun contexto académico onde as tecnoloxías da información teñen cada vez maior presenza, a intelixencia artificial está a converterse nunha ferramenta de referencia en moitos campos da docencia e a investigación. Esta actividade ten como obxectivo contribuír a que os e as futuros profesionais da educación se familiaricen coas diversas aplicacións da IA no ámbito académico, en concreto na elaboración do traballo de fin de grao. As ferramentas de IA permiten optimizar os procesos de procura de información, de análise e de redacción, de maneira que o alumnado poida centrarse naquelas tarefas máis creativas que realmente achegan valor ao seu traballo. Con esta actividade, os e as asistentes adquirirán as competencias necesarias para utilizar de maneira eficaz e ética estas tecnoloxías, garantindo así a calidade e orixinalidade dos seus traballos.

7. **Breve descripción dos contidos:**

- Introducción (30 minutos). Que é a intelixencia artificial, a IA no noso día a día, a IA no ámbito académico, obxectivos da actividade.
- Ferramentas de IA para a investigación (45 minutos). Procura de información, xestión de bibliografía, xeración de resumos e extracción de información.
- Xeración de contido (45 minutos). Ferramentas de escritura asistida, xeración de textos.
- Ética e desafíos no uso da IA (30 minutos). Sesgos algorítmicos, propiedade intelectual, privacidade, pequeno debate entre o alumnado participante.
- Conclusión e recapitulación (15 minutos). Resumo, recomendacións para un uso responsable e efectivo da IA, futuro da IA en educación, tendencias e perspectivas de futuro.